**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
**Referencia:** FOENAA / 2024
**Expediente:** 2023000035259

# RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A ENTIDADES EMPRESARIAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2024 (FOENAA)

**DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante Acordo Xunta de goberno de data 21 de xuño de 2024 foron aprobadas as Bases reguladoras da programa de subvencións dirixido a entidades empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras foron publicadas no BOP número 123 de data 27 de xuño de 2024.

**RESOLVO:**

1º. Aprobar a convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024 (FOENAA), de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por Acordo Xunta de goberno de data 21 de xuño de 2024.

2º. O programa rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 123 de data 27 de xuño de 2024 e pola Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación.

3º.- O prazo de solicitude iniciarase ás 8:00 horas do día 12 de xullo de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 12 de agosto de 2024, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña https://sede.dacoruna.gal/

4º.- Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor,

alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO

GALEGO

De conformidade co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024. O texto completo do programa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index)

Primeiro.- Beneficiarios

Entidades e asociacións empresariais da provincia da Coruña sen ánimo de lucro.

Segundo.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte das entidades que forman parte dos seguintes ámbitos:

Colexios profesionais, entidades asociativas e federativas representativas dalgún sector profesional, comercial ou empresarial e cámaras de comercio (actividades a subvencionar descritas na Base 2.1 das específicas) .

Terceiro.- Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 178 do 18 de setembro de 2023 e no BOP número 123 de data 27 de xuño de 2024 dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/09/18/2023_0000007425.pdf

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/06/27/2024_0000004543.pdf

Cuarto.- Contía

O importe da consignación prevista ascende a un total de 500.000,00€, con cargo á partida

0510/4142/481 do orzamento para 2024. As axudas a conceder oscilarán: Entre un mínimo de 1.500,00€ e un máximo de 28.000,00 €.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 8:00 horas do día 12 de xullo de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 12 de agosto de 2024 tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña https://sede.dacoruna.gal/

Sexto.- Prazo de xustificación

O prazo para xustificar as subvencións finalizará ás 14:00 horas do 31 de marzo de 2025.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña https://sede.dacoruna.gal/

CASTELLANO

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del programa de subvenciones dirigido a entidades empresariales de la provincia de A Coruña para la realización de actividades de promoción económica durante el año 2024. El texto completo del programa puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index)

Primero.- Beneficiarios

Entidades y asociaciones empresariales de la provincia de A Coruña sin ánimo de lucro.

Segundo.- Objeto

El objeto de esta convocatoria es subvencionar acciones tendentes a impulsar el desarrollo económico, el fomento del empleo, el apoyo al comercio y la hostelería, apoyando líneas de comercialización y promoción de nuestros productos de calidad que permitan la penetración en el comprado, mediante ayudas a la logística y la distribución, por parte de las entidades que forman parte de los siguientes ámbitos: Colegios profesionales, entidades asociativas y federativas representativas de algún sector profesional, comercial o empresarial y cámaras de comercio (actividades a subvencionar descritas en la Base 2.1 de las específicas)

Tercero.- Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP número 178 do 18 de septiembre de 2023 y en el BOP número 123 de fecha 27 de junio de 2024 disponibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/09/18/2023_0000007425.pdf

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/06/27/2024_0000004543.pdf

Cuarto.- Cuantía

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 500.000,00€, con cargo a la partida 0510/4142/481 del presupuesto para 2024. Las ayudas a conceder oscilarán: Entre un mínimo de 1.500,00€ y un máximo de 28.000,00 €.

Quinto.- Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las horas 8:00 horas del día 12 de julio de 2024, y finalizará a las 14:00 horas del día 12 de agosto de 2024 , toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña https://sede.dacoruna.gal/

Sexto.- Plazo de justificación

El plazo para la justificación de las subvenciones finalizará a las horas 14:00 horas del 31 de marzo de 2025 .

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña https://sede.dacoruna.gal/